

VII Concurso literario *Mazarelos*

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca o **VII Concurso literario *Mazarelos***, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade e mesmo da Universidade e da propia Compostela, de acordo coas seguintes

BASES

1. Participantes

Poderá participar o alumnado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben investigador/es que estean contratados na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas pos-doutorais, en calquera momento do ano 2021 anterior á finalización do prazo de presentación. A USC comprobará de oficio tales condicións no caso dos participantes premiados.

2. Obras

Haberá dúas modalidades de participación:

- A. **Modalidade Aberta:** Admítese obras de calquera xénero literario e de calquera tema.
- B. **Modalidade Científica:** Admítese obras de calquera xénero literario sempre que o eixo temático central ou o pano de fondo sexa a divulgación científica e/ou a ciencia no sentido amplo do termo.

Cada participante só poderá presentar unha obra en cada modalidade.

Os textos deberán ser orixinais, escritos en lingua galega en calquera norma ortográfica, inéditos e non premiados noutros concursos. Tampouco non poderán presentarse a outros concursos durante o período desta convocatoria ata que se publique a decisión do xurado.

Os/as concursantes deberán achegar unha declaración na que garantan a autoría da obra e que os seus dereitos non están comprometidos nin pendentes de veredicto en ningún outro concurso literario. Esta declaración axustarase ó formulario de autoría que se publicará na páxina web da Facultade.

Estabéllese un límite máximo de 25 folios ou DIN A4 mecanografados por unha soa cara, cunha extensión máxima de 8.000 palabras. Non hai límite mínimo.

3. Entrega de traballos

As obras deberán presentarse nun sobre pechado no enderezo *Decanato da Facultade de Filoloxía, Avda. Castelao, s/n. Campus Norte, 15782 Santiago de Compostela*. A entrega poderase facer directamente no Decanato, ou nos rexistros xerais da USC en Santiago e Lugo, ou ben por correo postal certificado.

No exterior do sobre pechado constará a mención "VII Concurso literario Mazarelos" e a modalidade escollida: "Aberta" ou "Científica". No seu interior achegaranse cinco copias da obra presentada ó concurso sen asinar e sen figuraren nelas datos persoais; e, alén diso, un sobre pequeno, tamén pechado, en cuxo exterior figurará o nome da obra e o lema ou pseudónimo do/a autor/a, e no interior o formulario de autoría que se atopará nas

webs de Filoloxía (www.usc.gal/filoloxia) e do Servizo de Normalización Lingüística (www.usc.gal/snl) cos seguintes datos: nome e apelidos, correo electrónico, teléfono de contacto e número de conta bancaria (IBAN) da cal for titular, así como o título da obra e lema ou pseudónimo.

4. Prazo

O prazo de presentación remata o 30 de setembro de 2021 ás 14:00 horas.

5. Xurado

O xurado estará integrado por cinco membros elixidos e nomeados pola Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía. Un mínimo de dous membros será elixido entre o PDI da Facultade, procurando que polo menos un deles pertenza ás áreas de Filoloxía Galega e Portuguesa. Un máximo de tres poderá non ter relación actual coa Facultade. A presidencia do xurado recaerá nun profesor ou profesora do xurado e será por elección entre as persoas que o integran.

A composición do xurado darase a coñecer na data de publicación da súa decisión.

A decisión do xurado será inapelábel.

6. Resolución e premios

Estabelécense os seguintes premios:

A. Modalidade Aberta

1º premio: 600 euros e diploma

2º premio: 400 euros e diploma

B. Modalidade Científica

1º premio: 500 euros e diploma

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente.

A organización, a proposta do xurado, poderá declarar sen adxudicar algúns dos premios, ou, de se-lo caso, amplialos concedendo os accésits que considerar oportunos e que consistirán en diplomas.

A resolución do concurso será publicada na páxina web da Facultade de Filoloxía e do Servizo de Normalización Lingüística e tamén se lles comunicará persoalmente ás persoas gañadoras.

Valorarase así mesmo a posibilidade de publica-las obras premiadas.

Polo feito de participaren, as autoras e autores cédennle expresamente á Facultade de Filoloxía da USC os dereitos de uso, difusión, distribución e reprodución da obra presentada para a súa posíbel publicación nunha edición de carácter non venal, ou sempre que responda a fins promocionais ou culturais.

Os traballos non premiados poderán ser recollidos polas súas autoras e autores no Decanato ata o remate do ano 2021. Unha vez rematado o ano, os traballos non recollidos serán destruídos.

7. Entrega de premios

A CNL organizará un acto de entrega de premios, que se celebrará no mes de decembro de 2021.

8. Aceptación das bases

A presentación ó concurso implica a plena aceptación da totalidade das súas bases e do veredicto do xurado.

A CNL reserva para si o dereito de facer modificacións e tomar iniciativas non recollidas expresamente nestas bases, sempre que contribuíren á mellora do concurso e non alteraren a súa esencia.

A organización non se fai responsábel respecto a plaxios ou dereitos de autor dos textos presentados, así como calquera outra transgresión da lei.